



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 9 DE XANEIRO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se dispón do cese como secretario xeral da Presidencia de Manuel Galdo Pérez.
- Decreto polo que se dispón do cese como director xeral do Gabinete da Presidencia de Álvaro Pérez López.
- Decreto polo que se nomea secretario xeral da Presidencia a Álvaro Pérez López
- Decreto polo que se nomea directora xeral do Gabinete da Presidencia a Marta Varela Pazos.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

- Decreto polo que se modifica o Decreto 274/2001, do 27 de setembro, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural do Monte Aloia e polo que se aproba o II Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural do Monte Aloia.
- Decreto de inspección ambiental de Galicia.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o Plan anual da cooperación galega para o desenvolvemento 2020.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre as convocatorias de axudas aos parques empresariais de Galicia destinadas á habilitación e mellora das súas infraestruturas, á creación de viveiros



industriais de empresas e ao reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica que dan servizo aos parques.

- Informe sobre as axudas para a dixitalización do tecido empresarial galego e o desenvolvemento da industria 4.0.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Informe sobre Galicia como referente na escola inclusiva.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o Plan de transferencia tecnolóxica para o apoio ás actividades de demostración e de información ao agro galego.



O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O CESE DO SECRETARIO XERAL DA PRESIDENCIA, MANUEL GALDO PÉREZ, E O NOMEAMENTO PARA ESTE CARGO DE ÁLVARO PÉREZ LÓPEZ

▪ *Galdo Pérez deixa o cargo a petición propia*

O Consello da Xunta de Galicia acordou na súa xuntanza de hoxe o cese do secretario xeral da Presidencia, Manuel Galdo Pérez, a petición propia e despois dunha longa experiencia no Goberno. O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, destacou o seu desempeño nestes anos como director xeral de Política Financeira e Tesouro e, posteriormente, como secretario xeral da Presidencia.

Feijóo tamén explicou que o Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que nomea a Álvaro Pérez López como novo secretario xeral da Presidencia. Ata o de agora e, desde 2009, exercía como director xeral do Gabinete da Presidencia da Xunta. Nado na Coruña en 1973, é licenciado en Dereito e diplomado en Empresariais e máster en Dereito Comunitario.

O presidente da Xunta destacou a súa traxectoria desde 2003, cando era asesor parlamentario da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda. Previamente foi asesor da Consellería de Medio Ambiente e profesor de Dereito Ambiental na Escola de Práctica Xurídica de Santiago.



O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O NOMEAMENTO DE MARTA VARELA PAZOS COMO DIRECTORA XERAL DO GABINETE DA PRESIDENCIA

- ***Ata o de agora Varela Pazos era xefa de Comunicación do presidente***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que nomea a Marta Varela Pazos como nova directora xeral do Gabinete da Presidencia para cubrir a vacante que deixa Álvaro Pérez López.

Nacida en Santiso en 1983, esta licenciada en Xornalismo foi, desde 2013, a xefa de comunicación do presidente. Previamente—desde maio de 2009— xa formaba parte do equipo de comunicación da Presidencia. Ademais, ten experiencia en diferentes medios de comunicación como Cope ou Europa Press.



A XUNTA APROBA O PLAN REITOR DE USO E XESTIÓN DO PARQUE NATURAL MONTE ALOIA QUE FIXA AS LIÑAS DE ACTUACIÓN DURANTE A PRÓXIMA DÉCADA PARA CONSERVAR E DIFUNDIR OS SEUS VALORES NATURAIS

- **Con este son xa catro os instrumentos de ordenación que reciben o visto e prace do Consello no último ano, despois da aprobación dos PRUX do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas, do Parque Natural Serra da Enciña da Lastra e do Parque Natural do Invernadeiro**
- **Ademais do obxectivo xeral de preservar, mellorar e dar a coñecer os valores naturais e ecolóxicos deste espazo, o documento tamén fixa metas como converter o monte Aloia nun bo exemplo de xestión da auga e dos seus hábitats ou dunha xestión forestal compatible coa conservación da biodiversidade**
- **Desenvolverase a través de catro programas de actuación que levarán consigo un plan económico-financeiro durante os seus 10 anos de vixencia**
- **Durante as dúas primeiras anualidades, o orzamento para a execución do PRUX do monte Aloia ascenderá a 200.000 euros**

O Consello da Xunta de Galicia deulle esta mañá o visto e prace ao decreto de aprobación do novo Plan reitor de uso e xestión (PRUX) do Parque Natural do Monte Aloia, un instrumento de ordenación específico no cal se detallan os obxectivos e criterios principais para seguir á hora de xestionar os distintos aproveitamentos, tanto públicos como privados, que se poidan facer deste espazo natural.

Cunha vixencia de 10 anos, este é o segundo PRUX co que conta o monte Aloia, xa que o anterior fora aprobado en 2009. O Goberno galego responde así á necesidade de dotar este parque dun instrumento de xestión propio, moderno e actualizado que desenvolva as directrices recollidas no seu Plan de ordenación dos recursos naturais (PORN) e que estableza á vez as previsións de actuación da Administración dentro do seu ámbito.

A aprobación deste decreto, ademais, enmárcase no proceso de actualización normativa que impulsou a Xunta nos últimos anos co fin de dotar todos os parques naturais da comunidade dunha folla de ruta específica e adaptada ás súas necesidades e características particulares. De feito, actualmente son xa catro os PRUX aprobados definitivamente en Galicia: o do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas, en decembro de 2018; o do Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra e o do Parque Natural do Invernadeiro, ambos en xullo do ano pasado; e finalmente, o do monte Aloia.

Cómpre lembrar que os PRUX son ferramentas de ordenación en que se detallan os obxectivos e as pautas de xestión que rexen en cada espazo natural por un período de tempo limitado. Á vez, protexen e regulan os usos e aproveitamentos permitidos en cada unha das zonas identificadas dentro dos parques e concretan as actuacións que se desenvolverán en materia de conservación, uso público ou investigación, entre outros.



O obxectivo xeral e común a todos os plans reitores, por tanto, é garantir e manter o bo estado dos hábitats naturais e das especies de fauna e flora presentes nos parques, pero tendo en conta tamén as exigencias económicas, sociais e culturais de cada zona. Para a consecución destes obxectivos xenéricos, os PRUX recollen unha regulación específica de usos e actividades, establecen unha zonificación clara do territorio, con distintos niveis de protección e tamén de restricións, e inclúen un plan económico para dar soporte ás actuacións que se van desenvolver.

Así mesmo, o PRUX tamén recolle como novidade un plan de emerxencias, que será o primeiro co que conte este parque natural e que busca optimizar a utilidade dos recursos técnicos e humanos dispoñibles nel, co obxectivo de controlar de forma rápida a evolución dunha eventual emerxencia e minimizar as súas posibles consecuencias.

O primeiro parque natural

Declarado en outubro de 1978, o monte Aloia foi o primeiro parque natural de Galicia e tamén é o máis pequeno dos seis existentes, con 746 hectáreas. Situado no límite sur da serra do Galiñeiro, un dos seus principais atractivos son as vistas panorámicas dos vales dos ríos Miño e Louro. O punto máis elevado está no alto de San Xiao (629 metros), o lugar máis visitado deste enclave.

As súas particulares características fan que, ademais dos obxectivos comúns aos PRUX de todos os parques, o documento tamén se fixe o reto de ampliar a proxección deste espazo natural cara á sociedade para demostrar que é posible outra forma de relación co medio. Así, aspira a convertelo nun bo exemplo de xestión da auga e dos hábitats asociados, xa que no Aloia nacen cinco correntes fluviais e tamén é unha zona de recarga de acuíferos.

Na mesma liña, o PRUX resalta o potencial deste parque para postularse como un espazo en que se desenvolven modelos de explotación silvícola do monte comunal que, ademais de ser rendibles e sustentables, tamén poden ser compatibles coa conservación da biodiversidade. De feito, a propiedade do monte Aloia está atribuída a dúas comunidades de montes veciñais que contan co seu propio instrumento de ordenación forestal. Ademais, planifícanse medidas orientadas a restaurar os hábitats naturais do monte, o que contribuirá a diminuír o risco de incendios e a incrementar a resiliencia do conxunto fronte á ameaza do lume.

Para acadar todos estes obxectivos, o decreto prevé un conxunto de medidas agrupadas arredor de catro programas de actuación: programa de conservación da biodiversidade, a paisaxe e o patrimonio cultural, destinado a preservar os hábitats máis representativos e protexer os ecosistemas máis vulnerables; programa de investigación, seguimento e avaliación, co fin de actualizar datos básicos pero fundamentais sobre o medio biolóxico do parque; programa de extensión do uso público que, partindo da premisa de que para protexer hai que coñecer, incide na necesidade de traballar na imaxe do monte Aloia como un espazo natural valioso tanto a nivel local como rexional; e programa de mellora das infraestruturas, instalacións e equipamentos que dan servizo ao parque.



En canto á zonificación, as catro zonas do PRUX de 2009 redúcense agora a tres: a de uso limitado, que abrangue os territorios cun valor de conservación alto, polo que o seu uso público queda restrinxido; a de uso compatible, con predominio dos medios antrópicos e seminaturais, moi vencellados aos sistemas de aproveitamento tradicional; e a de uso xeral, que teñen un valor de conservación medio ou baixo e deben absorber, por tanto, a maioría das actividades de recreo e lecer, co fin de reducir a presión sobre áreas máis sensibles.

Modificación obrigada do PORN de 2001

O novo PRUX, en todo caso, non fixa novas limitacións nin é máis restritivo ca o Plan de ordenación dos recursos naturais (PORN) do monte Aloia aprobado en 2001. Neste sentido, o documento busca ante todo clarificar e sistematizar a normativa existente co fin de contar cunha regulación única que compatibilice cada un dos usos permitidos coa conservación da biodiversidade deste espazo.

Por este motivo, o decreto ratificado hoxe polo Consello da Xunta non só aproba o segundo PRUX do monte Aloia, que entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e terá unha vixencia de 10 anos; tamén modifica o decreto orixinal de aprobación do seu PORN, co fin de homoxeneizar as denominacións da zonificación coas dos outros parques naturais de Galicia, facilitando así a súa interpretación, e adaptalas con maior coherencia á realidade actual dos hábitats e especies protexidas deste parque.

Programa económico, vixencia e entrada en vigor

De acordo coas previsións de usos e aproveitamentos cara ao futuro incluídas no novo PRUX e os orzamentos reservados para a conservación do parque natural, elaborárase un programa económico-financeiro cunha vixencia mínima de 10 anos para financiar as actuacións correspondentes aos catro programas de actuación.

Nas dúas primeiras anualidades o investimento previsto ascende a 200.000 euros e resérvase ao capítulo de xestión do uso público do parque a contía máis importante (85.000 euros). O decreto, así mesmo, tamén inclúe o mandato de elaborar unha memoria económica anual durante os restantes anos de vixencia do PRUX.

A XUNTA CULMINA O PROCESO DE MELLORA E OPTIMIZACIÓN DO SERVIZO DE INSPECCIÓN AMBIENTAL COA APROBACIÓN DUN NOVO DECRETO REGULADOR

- ***O Consello deulle o visto e praxe esta mañá ao documento que completa, unifica e actualiza todo o relacionado co exercicio desta función na Comunidade***
- ***Dáselle traslado normativo ao traballo feito polo Goberno galego nestes últimos anos, que acometeu unha profunda transformación do servizo con medidas como o reforzo e a centralización da intervención ambiental, a mellora da formación do persoal inspector e dos medios materiais ao seu alcance e a elaboración dun completo manual de funcionamento e organización interna***
- ***Galicia é a única comunidade española e unha das poucas rexións europeas que conta desde 2018 cunha certificación de recoñecemento internacional que avala a excelencia e a calidade do servizo prestado nesta materia***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o novo decreto regulador da inspección ambiental de Galicia, un documento co que se clarifica, actualiza, unifica e completa o réxime aplicable ao exercicio desta función inspectora no ámbito da comunidade. Deste xeito, o Goberno autonómico culmina desde o punto de vista normativo o traballo realizado nos últimos anos co fin de mellorar e acometer unha profunda transformación do servizo de inspección ambiental galego, ata situalo á vangarda do país e convertelo nun referente dentro da UE.

Así, entre os cambios introducidos máis recentemente, cómpre subliñar o proceso de reforzo e centralización do Servizo de Intervención Ambiental, as melloras realizadas na formación dos inspectores, así como nos medios materiais á súa disposición, ou a redacción, posta en marcha e cumprimento dos primeiros plans plurianuais e programas de inspección.

En todo caso, o fito máis importante neste sentido foi a elaboración en 2015 do *Manual de inspección ambiental de Galicia* co obxectivo de dotar a Comunidade dunha guía clara e específica que abordase a organización, o funcionamento e os procedementos a seguir por parte dos inspectores ambientais. O contido deste manual adecuouse ás previsións dadas tanto pola normativa comunitaria como pola estatal e ofrece un modelo organizativo actualizado que, porén, ata o de agora non tiña o seu correspondente reflexo na normativa autonómica.

Neste sentido, cómpre lembrar que o desenvolvemento regulamentario da inspección ambiental en Galicia se realizou a través dun decreto do ano 1995 e dunha orde de 1996. Tras máis de 20 anos de vixencia, este marco legal quedou obsoleto e totalmente desactualizado, non só en relación coa normativa española e comunitaria básica senón tamén con respecto á propia organización e ao funcionamento actuais da inspección ambiental en Galicia, o que fixo necesario elaborar un novo decreto.



Entre os aspectos máis destacados da regulación aprobada hoxe polo Consello cómpre subliñar que introduce neste ámbito a función preventiva e aposta pola adopción de medidas que eviten os danos ambientais.

Así, fronte ao enfoque represivo da meirande parte das normativas autonómicas en materia de inspección ambiental, centrado na comprobación das infraccións e dos danos xa producidos, o novo decreto galego aposta de forma complementaria por implantar unha cultura preventiva propia da regulación máis moderna e actual.

Tamén incorpora as últimas novidades da normativa comunitaria sobre prevención e control integrados da contaminación, que recolle toda unha serie de obrigas respecto á necesidade de realizar inspeccións ás instalacións sometidas á autorización ambiental integrada (AAI) e de elaborar plans e programas de inspección que comprendan estas instalacións. Galicia, de feito, foi unha das poucas comunidades que conseguiu o obxectivo de realizar o control e as inspeccións exixidas regulamentariamente ás instalacións con AAI.

Así mesmo, o novo texto regulador tamén actualiza os distintos ámbitos e materias obxecto da inspección ambiental, tendo en conta que non se recollían todas as instalacións nas cales, na práctica, xa se están a realizar, e propón unha nova clasificación por categorías dos tipos de inspeccións axustada aos criterios comunitarios.

En definitiva, a nova regulación incide e plasma a nivel normativo a necesidade de que a inspección ambiental de Galicia realice, tal e como está a facer, un labor de control e vixilancia daquelas actividades e instalacións susceptibles de afectar negativamente o ambiente, pero tamén de concienciación e información co obxectivo de prever e evitar calquera dano ambiental, contribuíndo así a mellorar o comportamento ambiental das actividades situadas ou que se desenvolvan en Galicia e fomentando á vez a información pública e a participación da sociedade na consecución dos seus obxectivos.

Para logralo, o decreto recolle algunhas novidades respecto do texto anterior, como a obriga de elaborar unha memoria anual na cal se avalíen as inspeccións realizadas, a regulación dos plans e programas de inspección ambiental, a posibilidade de realizar actuacións informativas ou o fomento da información pública, e impón a obrigatoriedade de que todos estes documentos, entre outros, se poñan á disposición dos cidadáns.

Un servizo de inspección exemplar

A inspección ambiental de Galicia é, desde hai anos, pioneira en España e sitúase á cabeza do país, colabora con outras comunidades a través do intercambio de información e coñecementos e participa activamente en programas da Rede Europea de Inspección Ambiental (IMPEL) e en programas europeos *twining* de formación en materia de inspección ambiental en países que pretenden entrar na UE.

Os labores de inspección ambiental realízanse seguindo os obxectivos e as liñas estratéxicas indicadas no Plan de inspección ambiental (actualmente o Plan 2019-2024) e do programa anual correspondente. Do seu cumprimento encárganse os inspectores do Servizo de Intervención Ambiental (nestes momentos un total de 16 persoas: oito da Dirección Xeral

de Calidade Ambiental e oito das xefaturas territoriais, dúas por provincia), que reciben o apoio e reforzo da Unidade Policial Autonómica de Galicia (UPA), con 40 axentes para a realización de inspeccións ambientais.

Grazas a esta coordinación, os inspectores ambientais da Xunta pódense centrar nos obxectivos prioritarios indicados no Plan de inspección ambiental 2019-2024, que son aquelas inspeccións que presentan maior complexidade desde o punto de vista técnico-ambiental, o control do traslado transfronteirizo de residuos e as actividades con maior incidencia sobre o ambiente.

Galicia é tamén a comunidade española que dispón dun maior número de profesionais dedicados exclusivamente á realización de inspeccións ambientais de actividades industriais. A maior parte son inspectores *seniors*, polo que dispoñen de ampla experiencia e participan en redes de inspección ambiental da UE.

Ademais, desde decembro de 2018, Galicia é a única comunidade española e unha das poucas rexións de Europa que ten a certificación de Sistema de Xestión de Calidade con base nos requisitos establecidos na Norma ISO 9001:2015. Trátase dunha acreditación de recoñecemento internacional que certifica a excelencia do servizo prestado polos inspectores galegos e permite a implantación de procesos e estratexias orientados ao incremento da eficacia e da eficiencia da entidade acreditada.

Balance do Plan 2013-2018

No marco do anterior Plan de inspección ambiental (vixente no período 2013-2018) realizáronse arredor de 20.000 inspeccións na comunidade. Grazas a este labor, as instalacións reaccionan moi rapidamente á emenda das desviacións que se atopan, ademais, conseguíuse que se involucren cada vez máis en introducir melloras ambientais e na avaliación de riscos para así evitar accidentes ou diminuír os danos ambientais en caso de que se produzan. Nestes últimos anos, de feito, obsérvase unha diminución do número de inspeccións por emerxencia, maioritariamente por mor de incendio e/ou verteduras de hidrocarburos.

Así mesmo, estase a apreciar unha mellora no comportamento ambiental dos distintos tipos de instalacións, o que se reflicte nun menor número de expedientes sancionadores abertos, e tamén se está a incentivar que as actividades que se viñan exercendo sen a preceptiva autorización soliciten a súa obtención.



O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA APROBA O PLAN ANUAL 2020 DA COOPERACIÓN GALEGA CUN ORZAMENTO DE 6,6 MILLÓNS DE EUROS, UN 18 % MÁIS CA EN 2019

- ***O Goberno galego cumpre co compromiso do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 de garantir un crecemento anual deste programa igual ou superior ao 11,4 %***
- ***O plan anual xa foi aprobado por unanimidade o pasado 25 de novembro polo Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan anual 2020 da cooperación galega para o desenvolvemento, que conta cunha dotación orzamentaria de 6,6 millóns de euros, o que supón un incremento de máis dun millón de euros respecto ao ano pasado. Con este aumento do 18,47 % no orzamento, a Xunta enmárcase no IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 e dá cumprimento aos compromisos adquiridos para garantir un crecemento anual deste programa igual ou superior ao 11,4 %.

O plan xa conta co visto e praxe do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode), que aprobou por unanimidade o documento na súa reunión do pasado 25 de novembro.

Entre as actuacións incluídas no plan destacan as tradicionais convocatorias públicas bianuais de concorrencia competitiva. Así, publicaranse as convocatorias de subvencións para proxectos de cooperación no exterior das ONG, de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global ou de acción humanitaria, ademais da convocatoria de seis bolsas de formación de persoas expertas en cooperación.

Tamén se asinarán convenios de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ou a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), e manterase a liña de axuda humanitaria e de emerxencia a través do acordo con Farmamundi, a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui (Sogaps) e as axencias das Nacións Unidas ACNUR e UNRWA.

Ademais, levarase a cabo a oitava edición do programa de Educación para o Desenvolvemento "Cooperación galega: o mundo que queremos", enmarcado no Plan Proxecta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no cal a Xunta colabora coas entidades Solidariedade Internacional de Galicia, Agareso e Asemblea de Cooperación pola Paz.

Do mesmo xeito, seguirase co convenio coas tres universidades galegas para a consolidación da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento. Nesta liña, impartirase ademais unha nova edición do curso monográfico *A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable e a súa implementación nas administracións públicas*, que forma parte do Plan de formación da Escola Galega de Administracións Públicas

(EGAP) para 2020 e que irá dirixido a persoal da Administración autonómica e local e das tres universidades galegas.

O plan anual dará continuidade á liña de transferencia tecnolóxica para a mellora da diversificación produtiva en materia de pesca e acuicultura, cun novo acordo con Anfaco-Cecopesca no marco da iniciativa de desenvolvemento do sector acuícola na baía de Sechura, en Perú.

Do orzamento total do programa, uns 2.729.899 euros destinaranse a dar cumprimento ao financiamento dos proxectos aprobados en 2019 e que teñen continuidade no 2020.



A XUNTA IMPULSARÁ A COMPETITIVIDADE DOS PARQUES EMPRESARIAIS GALEGOS A TRAVÉS DE NOVAS AXUDAS PARA REFORZAR AS SÚAS REDES DE DISTRIBUCIÓN ELÉCTRICA

- ***Esta convocatoria súmase ás de mellora de infraestruturas e creación de viveiros da Consellería de Economía, Emprego e Industria, o que permite incrementar nun 42 %, ata os 7,9 M€, as axudas aos polígonos industriais***
- ***Os novos apoios pretenden cubrir con seguridade as demandas enerxéticas das empresas que albergan mediante redes coa capacidade adecuada para que as compañías poidan medrar e contar cun servizo de calidade***
- ***Os concellos emprendedores terán prioridade á hora de acceder a estas tres convocatorias***

A Xunta de Galicia mantén o seu compromiso coa mellora das infraestruturas e os servizos dos parques empresariais galegos e, segundo se informou hoxe no Consello, nas próximas semanas abriranse un total de tres convocatorias de axudas cun orzamento global de 7,9 M€ co que se agardan mobilizar preto de 10 M€ e apoiar unha trintena de iniciativas. Deste xeito, os polígonos industriais axudarán a que as empresas xa instaladas ganen en competitividade e contribuirán á captación de novos investimentos industriais en Galicia.

A principal novidade é a oferta dunha nova liña de apoios para o reforzo e a extensión das redes de distribución eléctrica (ampliación de potencia da subministración eléctrica), á cal se destinarán 4,4 M€ entre 2020 e 2021. O obxectivo é cubrir a necesidade dos parques empresariais galegos de contar cun abastecemento de enerxía eléctrica a través de redes de distribución que acheguen seguridade e calidade ás demandas das empresas instaladas. Así, apoiarase que os parques conten con redes coa capacidade adecuada para que as compañías, tanto actuais como as que se asenten no futuro, poidan medrar e ter un servizo de calidade.

A intensidade da axuda será dun 80 % ata un máximo dun millón de euros por solicitude (cada parque poderá presentar unha solicitude a través do concello en que estea instalado).

Mellores infraestruturas nos polígonos

Por outra parte, a Xunta volverá convocar as axudas destinadas á mellora das infraestruturas dos parques industriais cun orzamento de 2,5 M€. O Goberno autonómico financia a través desta actuación ata un máximo do 80 % do custo global dos proxectos dos plans presentados polos concellos para implantar nos parques empresariais plantas de depuración de augas, incluídos os colectores con vertedura á depuradora municipal, e/ou instalar sistemas de seguridade e vixilancia e de protección destinados á loita contra incendios e contra o roubo de cable. Tamén se apoiarán proxectos referidos á mellora de infraestruturas viarias, tanto de acceso como interiores, así como a xestión de residuos. A axuda máxima será de 120.000 euros por solicitude, que alcanzará os 138.000 euros para os concellos procedentes de fusións ou agrupacións de concellos.



Creación de viveiros industriais

Finalmente, con respecto ao programa para financiar a creación de viveiros industriais, a Consellería de Economía, Emprego e Industria investirá un millón de euros nesta actuación coa cal apoia todos os gastos necesarios para a construción, reforma e/ou equipamento interior de naves industriais co fin de crear un viveiro empresarial. O financiamento alcanzará como máximo o 80 % do custo total do proxecto e o límite do apoio será de 240.000 euros por solicitude.

Con este conxunto de medidas -que supoñen un incremento do orzamento dun 42 % con respecto ao do ano 2019-, o Goberno autonómico busca fortalecer o tecido empresarial e mellorar as infraestruturas da Comunidade impulsando a súa competitividade. Ademais, fará máis atractivos os parques empresariais e os viveiros industriais á hora de captar a chegada de novas empresas a Galicia.

Este obxectivo enmárcase na aposta que a Xunta realiza para potenciar a industria a través de iniciativas como a Lei de implantación empresarial e a figura dos *concellos emprendedores*. De feito, estes terán prioridade á hora de acceder ás axudas das tres convocatorias e outorgaráselles unha maior puntuación nos criterios de valoración.

A XUNTA ACTIVARÁ NAS PRÓXIMAS SEMANAS AXUDAS QUE SUMAN 67 M€ PARA QUE O TECIDO EMPRESARIAL GALEGO AVANCE CARA Á SÚA TRANSFORMACIÓN DIXITAL E NO MODELO DA INDUSTRIA 4.0

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria buscará con estas convocatorias impulsar unha Galicia máis innovadora e competitiva, ao mesmo tempo que se crea emprego de calidade***
- ***Entre os programas que se poñen en marcha por primeira vez, atópase a iniciativa Maquinaria 4.0, que permitirá xerar na Comunidade provedores neste eido***
- ***Os hubs de innovación dixital e os centros de fabricación avanzada facilitarán ás pemes o acceso a catálogos de servizos relacionados coa transformación dixital e a infraestruturas que non serían posibles sen ese espírito de colaboración***
- ***Poranse en marcha novas convocatorias de programas consolidados como os proxectos Industria 4.0, ReAcciona, unidades mixtas de investigación e Innova Peme***
- ***Os centros tecnolóxicos e de coñecemento contarán con 5 millóns de euros para desenvolver infraestruturas orientadas á mellora da súa excelencia investigadora e da súa transferencia de coñecemento ao tecido produtivo***
- ***As pequenas e medianas empresas galegas que leven a cabo novos investimentos disporán dun programa dotado con 9 M€ que busca potenciar o emprego e a cultura innovadora***
- ***A industria forestal será a beneficiaria de programas específicos por un total de 12,4 millóns de euros, cos cales poderá impulsar a súa innovación e os investimentos tecnolóxicos***

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, activará nas próximas semanas programas que suman preto de 67 millóns de euros co obxectivo de impulsar a transformación dixital do tecido empresarial galego e o modelo da Industria 4.0. Trátase de iniciativas das que se poderán beneficiar tanto as empresas, especialmente as pemes, como os centros tecnolóxicos.

Estas convocatorias de axudas que se empezarán a publicar de xeito inmediato no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) –e ás que se lles sumarán outras iniciativas a longo de todo o ano– enmárcanse na axenda Industria 4.0 e na Estratexia de especialización intelixente (RIS3), as follas de ruta coas cales se impulsa unha Galicia máis innovadora e competitiva a través do seu tecido empresarial, ao mesmo tempo que se busca crear emprego de calidade.

Entre os programas que se poñen en marcha por primeira vez atópase a iniciativa Maquinaria 4.0 que, cunha dotación de 2 millóns de euros, xerará provedores fortes no eido da fabricación de maquinaria e outros bens de equipamento que poidan servir ao tecido empresarial galego. Nesta edición prevese apoiar arredor de cinco proxectos que xeren solucións que non se estean a producir na Comunidade.

Tamén son innovadores os apoios para o desenvolvemento de centros de fabricación avanzada, cunha dotación de 16 millóns de euros ata 2022. Búscase así a creación de

espazos para a prestación de servizos que non serían rendibles sen ese espírito de colaboración entre diferentes axentes. Poderanse xerar, entre outras infraestruturas, centros de ensamblaxe, loxística e recursos tecnolóxicos, espazos *maker* de fabricación compartida ou o acondicionamento especializado de solo industrial.

De xeito paralelo, Galicia continúa co desenvolvemento de dous *hubs* de innovación dixital, que funcionarán como un catálogo de servizos no cal conflúen todos os recursos relacionados coas tecnoloxías asociadas á transformación dixital que se ofertan ao tecido empresarial. Así, neste 2020, a Xunta destinará 7 millóns de euros a apoiar as iniciativas *Factories of the future* (*Fábricas do futuro*), liderada polo Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (Ceaga) e centrada na internet das cousas e a intelixencia artificial; e *Datalife*, liderada polo Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (Bioga) e que pon o foco no manexo de grandes cantidades de información (*big data*).

Entre os programas xa consolidados e que tamén fomentan a colaboración no eido da transformación dixital activarase a cuarta convocatoria dos proxectos Industria 4.0, que impulsará cun orzamento de máis de 4 millóns de euros iniciativas colectivas coordinadas por organismos intermedios de carácter sectorial que permitirán seguir avanzando no desenvolvemento en Galicia da fábrica intelixente e conectada en sectores estratéxicos da economía.

Co obxectivo de que as empresas conten co asesoramento adecuado á hora de desenvolver os seus proxectos de mellora, porase en marcha unha nova edición do programa ReAcciona, que ofrece servizos centrados en eidos como o desenvolvemento estratéxico, a profesionalización, a innovación e a adopción de solucións de dixitalización. Esta iniciativa conta cunha asignación orzamentaria de 3,4 millóns de euros.

Ademais, as pemes galegas que desenvolvan proxectos de investimento contarán cun programa de apoios do Igape dotado con 9 millóns de euros que busca potenciar o mantemento e a creación do emprego, así como a innovación. A axuda poderá chegar ata o 30 % dos investimentos subvencionables.

Innova Peme e unidades mixtas de investigación

Outra das iniciativas que se activarán nas próximas semanas será unha nova edición do programa Innova Peme que organiza a Axencia Galega de Innovación (Gain) e a través do cal se levan a cabo actividades integradas en plans de innovación que desenvolverán as pequenas e medianas empresas. Búscase así mellorar a súa capacidade de innovación, a súa competitividade e tamaño de mercado, ao mesmo tempo que se potencia a investigación e o investimento en I+D+i. O investimento público neste caso será de 2,7 millóns de euros e a intensidade de axuda será do 50 %, con axudas de entre 40.000 e 100.000 euros.

Para impulsar a innovación empresarial é fundamental a colaboración das compañías cos centros tecnolóxicos e de coñecemento, un eido no cal xogan un papel fundamental as unidades mixtas de investigación (UMI). Este ano poranse en marcha dúas novas

convocatorias para, dunha banda, consolidar as UMI xa existentes e, por outra, impulsar a creación de novos proxectos deste tipo. En total, contarán con 5 millóns de euros.

Do mesmo xeito, Gain tamén activará unha nova edición das axudas para equipamentos de centros tecnolóxicos e de apoio ao coñecemento, dotada con 5 millóns de euros. O obxectivo é fortalecer este tipo de centros mediante infraestruturas orientadas á mellora da excelencia innovadora do centro e das súas tarefas de transferencia ao tecido produtivo.

Industria forestal

Por outra banda, a industria forestal contará un ano máis con programas específicos. Nesta ocasión suman apoios por valor de 12,4 M€. Así, a Axencia Galega da Industria Forestal (Xera) porá en marcha unha orde de axudas dotada con 10,4 millóns de euros para realizar investimentos en tecnoloxías forestais, procesado, mobilización e comercialización de produtos forestais. Activarase así mesmo un programa por 2 millóns de euros destinado ás empresas da segunda transformación da madeira e ao sector *contract*, co que se apoiarán os investimentos dirixidos á valorización, potenciación, innovación e mellora neste eido.



EDUCACIÓN DESTINA PRETO DE 4.000 ESPECIALISTAS Á ATENCIÓN INCLUSIVA, O QUE SUPÓN UN INCREMENTO DO 22 % EN SEIS ANOS

- **Os recursos educativos, a colaboración con entidades específicas, os tipos de escolarizacións segundo as especificidades de cada caso ou a formación docente, entre outros, fan que Galicia sexa a comunidade autónoma máis inclusiva do Estado**
- **De cara ao futuro, a Consellería está traballando na actualización da normativa de atención á diversidade, na unificación de criterios de avaliación por parte dos servizos de orientación e na especialización dos centros de educación especial, entre outras medidas**

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional presentou ante o Consello da Xunta de Galicia o informe *Galicia como referente na escola inclusiva. Situación actual e perspectivas*, no cal se dá conta do balance de accións levadas a cabo neste campo así como das liñas de traballo futuro para afianzar os logros acadados. Cómpre lembrar que Galicia continúa a ser hoxe a CA máis inclusiva do Estado, co 92,7 % de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo escolarizado en centros ordinarios, segundo os últimos datos do Ministerio de Educación.

No presente curso escolar hai preto de 4.000 profesionais dedicados á atención á diversidade nos centros escolares galegos, o que supón un incremento deste persoal en máis dun 22 % con respecto aos 3.225 que había no curso 2013-14. Esta cifra engloba principalmente especialistas en pedagogía terapéutica (PT) e en audición e linguaxe (AL), orientadores, coidadores e especialistas en linguaxe de signos e de atención a nenos con discapacidade visual, aos cales hai que engadir tamén un total de 30 equipos de orientación específica (EOE), que son os encargados de avaliar cada caso particular nos centros educativos.

Ademais de todos estes especialistas, cómpre poñer en valor o traballo de colaboración e coordinación que se vén facendo desde a Consellería cunha trintena de entidades e colectivos especializados nos ámbitos da integración de nenos con determinadas condicións, ou da atención ás discapacidades físicas e psíquicas (como Down Galicia, Once, Unicef, Amicos, Anedia, Cogami, Paidea, Ingada, etc). Grazas a estes convenios, un total de 1.184 centros e máis de 21.000 alumnos se beneficiaron desta colaboración -ben a través de atención directa, ben como participante en actividades de sensibilización- no pasado curso 2018-19.

Outro dos aspectos en que se está a facer especial fincapé desde a Consellería de Educación é na formación dos profesionais, co fin de prestar unha atención adecuada ás distintas casuísticas. Neste senso, dentro do Plan de formación permanente do profesorado, o pasado curso 2018-19, un total de 186 centros educativos traballaron a liña específica de escola inclusiva e atención á diversidade, formáronse máis de 16.500 profesores no módulo ICI (Igualdade, convivencia e inclusión), desenvolvéronse 877 accións enmarcadas nos

contratos-programa na liña de convivencia, diversidade e promoción da igualdade e 385 en Plans Proxecta.

Así mesmo -a través das Enapas, Escolas de nais e pais- leváronse a cabo 350 actividades formativas nas cales participaron arredor de 7.500 persoas.

Ademais, por primeira vez en 2019 instauráronse os premios de boas prácticas inclusivas, aos cales optaron 45 centros das etapas de infantil e primaria e 29 centros de ESO, bacharelato, FP, adultos e de educación especial.

Retos para o período 2020-2025

A Consellería de Educación está traballando na definición dos novos retos en inclusión para o período 2020-25, enmarcados no novo programa EduInclusión e que supoñen, entre outras medidas, a actualización da actual normativa de atención á diversidade co obxectivo da súa mellora e adaptación, a unificación de criterios na actuación dos servizos de orientación, a especialización dos centros de educación especial (CEE), as guías para a inclusión e a convivencia ou o fomento dos deportes inclusivos, coa participación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo neste tipo de actividades.

No ámbito normativo, hoxe en día hai constituído un grupo de traballo formado por especialistas dos equipos de orientación específica (EOE), por inspectores con especialidade en orientación educativa e coordinadores dos EOE, co fin de actualizar toda a lexislación neste campo, de xeito que se dea unha maior e mellor resposta a cada situación.

Así mesmo, este mes vaise comezar a traballar na unificación de criterios na actuación dos servizos de orientación. Neste caso o obxectivo é definir unhas pautas obxectivas en canto á detección, identificación e intervención nos casos de necesidades específicas de apoio educativo. Trátase, por tanto, de facilitarlles aos profesionais unhas ferramentas que lles permitan unificar actuacións na realización das avaliacións psicopedagóxicas e a elaboración dos informes; así como que reciban formación específica adaptada ás necesidades presentadas.

Tamén se vai pór en marcha un plan de choque formativo para as persoas especialistas na atención á diversidade e para familias, que estará dirixido a especialistas dos EOE, dos departamentos de orientación (especialistas en pedagogía terapéutica e en audición e linguaxe) e a persoal non docente (intérpretes de lingua de signos, persoal auxiliar coidador e educador). O obxectivo é a actualización científica e específica das persoas especialistas na atención á diversidade, compartir boas prácticas e crear redes de colaboración.

Finalmente, outra das liñas é seguir avanzando na elaboración de guías e recursos que reforcen a inclusión educativa e a atención á diversidade, así como de protocolos como o de dislexia, o de apoio condutual positivo, de atención ao alumnado con parálise cerebral, o de atención ao alumnado con trastorno específico da linguaxe e de atención ao alumnado con trastorno de aprendizaxe non verbal.

A XUNTA FORMOU O PASADO ANO A CASE 4.000 PROFESIONAIS DO AGRO EN PRÁCTICAS INNOVADORAS E DE I+D A TRAVÉS DE 211 ACCIÓNS

- ***O orzamento destinado para este plan no 2019 foi superior aos 330.000 euros, para o ano 2020 increméntase nun 48 %, ata os case 500.000 euros***
- ***O principal obxectivo do plan foi ampliar a formación e os coñecementos dos traballadores dos sectores agrario, gandeiro, agroalimentario e forestal para mellorar a eficacia e eficiencia das súas explotacións***
- ***A Xunta de Galicia tamén oferta un plan de formación con varios graos medios e superiores nos distintos centros da consellería, ademais de formación continua ao persoal do sector agropecuario con cursos de temática variada***
- ***Estes datos amosan a clara aposta da Xunta pola formación, de cara a contar cun sector agropecuario e forestal máis profesionalizado***

O Consello da Xunta de Galicia avaliou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre o Plan de transferencia tecnolóxica para o apoio ás actividades de demostración e de información ao agro galego, que permitiu desenvolver un total de 211 accións ao longo do ano 2019 e das que se beneficiaron case 4.000 profesionais do rural.

O principal obxectivo do plan, que contou cun orzamento superior aos 330.000 euros, foi impulsar o desenvolvemento de actividades de demostración e información, co fin de mellorar os coñecementos e a capacitación dos traballadores dos sectores agrario, gandeiro, agroalimentario e forestal en todo o relacionado cos aspectos técnicos e económicos das súas actividades. Tamén se beneficiaron deste plan as persoas mozas e as mulleres incorporadas ao medio rural galego. Así, para o vindeiro ano están orzados case 500.000 euros para levar a cabo outras tantas actividades, o que supón un incremento dun 48 %.

A temática das actividades estivo preferentemente relacionada coa mellora da produtividade nos sistemas agropecuario e forestal, incluídas as producións silvopastorais, cos métodos de produción agrícola compatibles co mantemento do medio e coa xestión técnico-económica das explotacións. Tamén se abordou a información e divulgación sobre novas tecnoloxías, para que os usuarios puidesen incorporar prácticas innovadoras e iniciativas de I+D como elemento básico de competitividade das súas empresas.

Entre as accións desenvolvidas destacan as xornadas técnicas e talleres de prácticas, ademais de demostracións en campos de ensaio e a explicación e presentación de varios tipos de cultivos agrícolas e forestais. As actuacións estiveron xestionadas pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), dependente do Medio Rural, e organizadas por diversas unidades da consellería como foron as oficinas agrarias comarcais, os distritos forestais, os centros de formación e experimentación agraria ou os centros de investigación forestal, entre outros.

Cómpre sinalar que, ademais deste Plan de transferencia tecnolóxica, a Consellería do Medio Rural ten cada ano un plan de formación que leva a cabo nos distintos centros de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

formación (CFEA de Guísamo, CFEA de Sergude, CFEA de Becerreá, CFEA de Monforte de Lemos, CFEA Pedro Murias e o CFEA de Lourizán), onde se imparten varios graos medios e superiores. Ademais, tamén ten un plan de formación continua ao persoal do sector agropecuario, con cursos de temática variada. Esta ampla oferta evidencia a clara aposta da Xunta pola formación, de cara a contar cun sector agropecuario e forestal máis profesionalizado.

